

O PAXARIÑO DE BARRO

Estabamos meu avó e mais eu sentados no patio traseiro da casa ó fresco, en pleno xaneiro a calor era abafante en Bos Aires dentro e fóra da casa pero meu avó insistía en que o aire acondicionado que puxeramos era o culpable de todas as súas enfermidades respiratorias. E así botabamos as tardes os dous, refrescándonos co aire de dous abanicos de tea, un recordo de cando meus pais foran de viaxe a Barcelona. Cos anos o avó puxérase máis teimudo dicindo que trinta e cinco graos de calor á sombra non eran para afogar, mentres que eu sempre pensei que se tiñamos algún tipo de termóstato corporal o del debía estar avariado. Sentados á sombra dunha vide que el mesmo plantara, amosábame sempre a ansia de volver á súa casa, e digo sempre porque co paso do tempo foi deixando de contar para comezar a esquecer.

Acababa de cumprir 70 anos cando a nosa doutora de confianza nos confirmou o que xa sospeitabamos, o avó tiña demencia. Despois de recibir este diagnóstico tan desolador conseguimos aprender a convivir con ela e aprendemos unha chea de cousas para poder levala con humor e non con tristura ou anoxo. Meu avó Tomás vivía con nós dende sempre, había 60 anos que chegara á Arxentina coa súa nai e a súa irmá máis nova na busca dunha nova vida, dunha oportunidade, e aínda que aquí tiña todo o que buscara, non chegou a esquecer a súa terriña, é máis, era o único que seguía a lembrar con todo detalle.

O tele-traballo permitíame pasar moito tempo na casa, e pouco a pouco funme facendo cargo de velar pola seguridade do avó, algo sinxelo, pois o que máis lle gustaba era laretar e dar paseos pola horta. Alí, ao caer o sol, cando

quedabamos sos el e mais eu comezaba a amosarse inquedo por querer marchar para o que dicía que era, a súa casa. E nese intre era cando a min se me encollía o corazón, porque por moito que eu fixese por el, estaba preso dos seus pensamentos.

- Bueno nena, que? Iremos marchando para a casa non? Quero ir ver a miña xente, ademais xa está atardecendo e temos unha longa viaxe por diante.
- Tomás, hoxe xa é un pouco tarde para marchar, esperamos ata mañá pola mañá cando non faga tanta calor. Se queres mentres, podes contarme como é a túa casa, como é ese lugar que che debuxa un sorriso na cara cada vez que me falas del.

Facía tempo que nos tratábamos polo noso nome ou por algún alcume e non por parentesco, isto que parece unha parvada era necesario para evitar poñelo incómodo cando non lembraba se eramos fillos, netos, irmáns ou veciños. Porén, sempre que falabamos da súa casa, Tomás sorría e comezaba a contar...

- Pois mira, a miña casa está nun lugar privilexiado. Aquilo está rodeado de costa, ten moita costa e todo está cheo de paisaxes verdes e tranquilas. De todos eses quilómetros de costa nacen unhas praias increíbles que non cansas de ollar. Se aquel lugar puidese falar estou seguro de que tería unha voz moi profunda e seria, e de seguro chamaría por todos os que marchamos algunha vez para darnos outra oportunidade.

A miña casa está nun lugar onde hai natureza libre, onde o mar está sempre presente bicando a terra. Lembro o sentimento de pensar que estás na fin do mundo cando chegas ós penedos máis altos, atoparte alí

entre a terra e o mar é unha sensación que nas grandes cidades non se atopa. Lembro as pradarias verdes cheas de gando, grazas á abundante choiva do outono e do inverno. É máximo miña nena, alí hai faros e portos, tamén castelos e pazos, acaso ¿onde viches ti algo así?; hai fontes cheas de vida e lavadoiros que supoño que a perderían pouco a pouco co paso do tempo. Lembro os zonchos no magosto e os disfraces do entroido no inverno; lembro tamén os veráns, onde había moitas romarías e festas nas que xente se fartaba de comer, beber e bailar ata ben entrada a noite ó son dunha banda ou dunha orquestra, as noites de verán eran as mellores miña rula. Lembro as procesións, as alboradas...

Cada pouco o avó calaba, calaba e miraba cara ó lonxe, e estou segura que se eu me fixaba ben podía ver aquelas praias nos seus ollos aos que lle asomaban as bágoas. Tomás era un home que dedicara a súa vida a ser soldador pero sempre pensei que agochaba unha alma de artista pola súa maneira de relatar, con todo detalle, aquilo que lle gustaba.

Cada pausa naquel relato amosábame a morriña e o namoramento do avó por aquela terra onde se criara ata os 10 anos, sen dúbida debía ser un lugar fermoso e incríbel. Nunha ocasión, cando tiña 40 anos o avó volveu á súa casa, porén nunca falou daquela viaxe e cando quixo facelo xa non a lembraba; o único recordo que tiñamos na casa era un paxariño de barro pintado á man nunha lacena da cociña ó que non deixaba que ninguén lle tocara.

Calquera que escoitara e vira a Tomás falar daquel lugar devecería por ilo ver, eu a primeira. Estaba segura que co paso dos anos estaría moi cambiado pero a maxia da que o avó falaba...

Aínda quedaba algo de tarde e quixen traelo de volta á conversa para que me seguira contando, entón lembrei un nome que dixerá algunha vez.

- Alí coñeciches a Teresa, non si? – Teresa non era miña avoa, pero sabía que fora unha persoa importante na vida de Tomás porque... pois porque aínda a lembraba.
- Foi alí si. Foi coma un conto de fadas ruliña, pero pasado por auga. Naquel tempo, Teresa e outro lote de nenos orfos de moitas idades ían pasar os veráns ao castelo e para os nenos e nenas do pobo era unha ledicia. Teresa era a rapaza máis fermosa de todas, tiña o cabelo longo e louro e uns ollos castaños que podían falar, sempre dixemos que eramos coma o príncipe e a princesa. Coma o castelo estaba nunha illa soamente nos podíamos ver cando a marea estaba baixa, algunhas veces os rapaces pedíamos prestada unha lancha de remos e aquilo convertíase en toda unha aventura. Nunha ocasión fixemos a viaxe mentres había mareas vivas e eu caín da lancha e cheguei ao castelo feito un pito, tiven que poñerme ao sol ata que me secou a roupa. Cando Teresa me viu todo mollado con algunha alga saíndo pola chaqueta para fóra, botou a rir e eu con ela, rimos ata que nos doeu o ventre. Non nos quedou máis remedio que facernos expertos coñecedores das mareas, pola conta que nos tiña.

Tomás ría, o avó ría e a min dábame anos de vida. Aquilo tivera que ser a mellor época da súa vida ou unha das mellores, pois sería a única maneira de explicar que aquel home puidese lembrar todas aquelas cousas. Despois dunha longa pausa, volveu falar:

- Oes nena, tráeme do estante da cociña o paxariño de barro, hai moito tempo que non o sinto cantar.

A memoria do avó fixera unha pausa, pensei. Ese cacharro de barro do que falaba non cantaba nin facía nada, era moi bonito da cor da arxila debuxado en branco e peteiro vermello, una peza decorativa que xuntaba po ao carón doutros adornos da casa. Aínda así fun por el, limpeino ben, xa que noutra época o avó tivéralle moito apego e non quería que o vise abandonado.

- Toma Tomás, aquí o tes. Pero xa che digo que ese paxariño non canta, non... non... non é de verdade. – Dixen con cautela para non desilusionalo.
- Non me tomes por parvo rapaza, xa sei que non é un paxaro. Botácheslle auga?
- Botei, limpeino un pouco porque estaba cheo de po, pero agora está sequiño e limpo.
- Non miña nena, hai que botarlle unha pouca auga dentro. Boh, deixa xa o fago eu, esta xente nova se non ten baterías ou pilas xa non sabedes do tema.

Tomás ergueuse e botouse cara á billa que tiñamos na horta e alí deixou que unha pouca auga entrara polo burato que o animal tiña na cabeza. Pechou a billa e levou á boca o rabo da figura mentres que sopraba á vez. Entón eu abrín a boca coma unha parva porque aquel paxaro comezou a cantar, pero a cantar coma un paxaro de verdade, parecía maxia. Tomás ficou e miroume.

- Ou logo, pensaches que toleara? En Oleiros, na miña casa hai maxia, xa cho dixeran, onde ía ser senón?. - Ca mesma quedou calado, apoucado, os

seus pensamentos afastárono de volta e unha bágoa caeulle pola meixela ata un sorriso apagado.

- Oleiros... – murmurei. Era a primeira vez que escoitaba aquel nome, era a primeira vez que o avó lembraba ese nome e mo dicía en voz alta e saíralle tan natural que daba medo preguntarlle máis. Apunteino á présa nun papel, algún día eu tiña que ir coñecer ese lugar máximo e non me ía arriscar a ... esquecelo.

Comezaba a anoitecer, o avó non volvera falar. Coma todos os días, pasoulle a ansia de marchar para a súa casa, coma lle pasaban os seus pensamentos fugaces pola cabeza ata que quixeran volver noutro momento. Aquelas conversas eran o único que traían a meu avó connosco cada tarde, mentres que Tomás, estou segura, ficara para sempre sentado nunha rocha a carón do castelo.